



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraidesdioruna.es

SESION PLENARIA ordinaria

Día venres 12 de novembro de 2021,

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 13:36 horas do día venres 12 de novembro de 2021, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

ASISTENTES:

ROBERTO REY MARTÍNEZ	79314640Z	PP
MANUEL FERREIRO MARZOA	34893023E	PP
JESUS MIGUEL PRADO CEA	46910475C	PP
M ^a ANGELES ALVAREZ CARRO	76363609K	PP
JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	76329065T	PP
OSCAR BOTANA RUA	44842883J	PP
JUAN CARLOS PORTOS BRA	76368290X	PP
ENRIQUE ASTRAY OTERO	45955540E	PSOE
JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	76363600N	PSOE
AURELIO GAREA PORTOS	79310360N	PSOE
MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE	35314415P	BNG

; baixo a Presidencia de 79314640Z ROBERTO REY MARTÍNEZ como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello, Ángela María Viqueira Allo.

O Sr. alcalde-presidente, con carácter previo ao inicio dos asuntos incluídos na orde do día indica aos concelleiros presentes o desexo de gardar un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero, en atención ao día 25 de novembro e tamén polo falecemento dun concelleiro desta corporación durante 8 lexislaturas (32 anos), (1983-2012), Antonio Iglesias Botana, respecto do cal todos os concelleiros presentes acceden.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO PLENOS ANTERIORES (SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 10/09/2021).

Preséntase para a aprobación, no seu caso, a acta correspondente á sesión plenaria que tivo lugar en data de 10/09/2021, distribuída coa convocatoria.

O alcalde cede a palabra aos voceiros dos distintos grupos para que se pronuncien sobre o documento, e sobre se teñen observacións ou emendas.

ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, indica que a pretensión dos grupos municipais do PSOE e BNG era que o destino do Centro Sociocomunitario fose como Centro de día.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraidesdioruna.es

VOTACIÓNS E ACORDOS

1.1 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 14/05/2021. Sométese a aprobación da acta da sesión plenaria de 10/09/2021, a votación ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da aprobación.

2.- DACIÓN EN CONTA DE DECRETOS.

Dáse conta ao Pleno das resolucións da alcaldía ditadas que van dende o número 154/2021 ao número 209/2021, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real Decreto 2568/1986, 28 de novembro), que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras dende a convocatoria do Pleno.

3.-ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS PARA NACEMENTOS DE FILLOS, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO PREADOPTIVO NO CONCELLO DO FRADES. EXPEDIENTE: 2021/X999/000017.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS PARA NACEMENTOS DE FILLOS, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO PREADOPTIVO NO CONCELLO DO FRADES

Expediente: 2021/X999/000017

Considerándose do máximo interese para este Municipio a aprobación dunha Ordenanza reguladora de axudas para nacementos de fillos, adopción ou acollemento preadoptivo no concello do Fraides, co obxecto de dar cumprimento a normativa constituída pola Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

De conformidade co que dispón os artigos 49 e 22.2.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, PROPOÑO ao concello en Pleno:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS PARA NACEMENTOS DE FILLOS, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO PREADOPTIVO NO CONCELLO DO FRADES, coa redacción que a continuación se recolle:

ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS PARA NACEMENTOS DE FILLOS, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO PREADOPTIVO NO CONCELLO DO FRADES

Exposición de motivos

Este concello ten detectado que nos últimos anos existe unha clara tendencia á diminución da poboación en atención ao envellecemento da mesma así como ao desprazamento á núcleos urbanos, feitos que implican graves consecuencias para o municipio. Estas circunstancias constitúen os principais motivos da baixa taxa de natalidade e do despoboamento do rural galego. Coa aprobación da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia recoñécese esta situación e dispónse que todas as administracións públicas de Galicia, incluída a



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Administración Local, incorporen a perspectiva demográfica en todas as súas políticas, tanto na elaboración da normativa que as regule como na dotación orzamentaria, especialmente nos ámbitos familiar, laboral, da saúde, a educación, a cultura e o ocio, o deporte, a xuventude, o envellecemento, a migración, os servizos públicos e as comunicacións e que colaborarán a prol do impulso demográfico de Galicia e promoverán, no exercicio das súas competencias, a cooperación da Administración estatal e comunitaria.

O artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Ademais, a familia está amparada pola Constitución Española que, no seu artigo 39, asegura a protección social, económica e xurídica da mesma. Deste xeito, o Concello do Pino considera de interese público o apoio ás familias, fomentando a natalidade e o asentamento de poboación no concello.

Co obxectivo de fomentar a natalidade e o asentamento de poboación no Concello de Frades, en manifestación da súa potestade regulamentaria, considérase necesario promover axudas, na medida dos recursos dos que dispón este Concello, destinados ás familias que teñan fillos/as por nacemento ou adopción e establezan o seu domicilio de forma permanente no Concello do Frades, mediante a posta en marcha da presente ordenanza, como medida de fomento encamiñada a reactivar a natalidade.

Artigo 1.-Fundamento.

A presente ordenanza ten o seu fundamento nas competencias que o art.2 e o art.25.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, establece que os Concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Concello considera de interese público o apoio ás familias, sendo o obxectivo da presente ordenanza, incentivar os novos nacementos ou adopcións no termo municipal, manifestación da promoción da igualdade entre homes e mulleres nos diversos sectores da vida.

O artigo 7 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia relativo á Incorporación da perspectiva demográfica dispón que As administracións públicas de Galicia, entre as cales se encontra a administración local, incorporarán a perspectiva demográfica na produción normativa e na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e todas as accións levadas a cabo no exercicio das súas competencias.

Artigo 2.-Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é establecer as condicións reguladoras que rexerán as axudas por nacementos de fillos, adopción ou acollemento preadoptivo. Con estas medidas o concello de Frades pretende frear a perda de poboación e o envellecemento desta e favorecer a permanencia dos mais novos en contornas rurais. A finalidade resulta ser proporcionar apoio



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

económico a aquelas familias nas que se produza un nacemento, adopción ou acollemento dun novo membro da unidade familiar.

Artigo 3.-Natureza da axuda.

As axudas que se outorguen conforme a presente ordenanza teñen a natureza de subvención directa conforme ao establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4.-Beneficiarios.

Os beneficiarios serán conxuntamente os proxenitores ou adoptantes, titulares do libro de familia, no que figure rexistrado o nacemento ou adopción. Se no libro de familia figurase un só proxenitor ou adoptante, será este o único beneficiario.

Así mesmo, terá a condición de beneficiario un só proxenitor ou adoptante, titular do libro de familia que convive co fillo que motiva esta axuda, tanto nos casos de nulidade, separación, divorcio ou nos supostos nos que o fillo esté exclusivamente a cargo do solicitante. En todo caso, considerarase a situación de convivencia na data de solicitude da axuda.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos/as seus/súas fillos/as ou se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

Artigo 5.-Requisitos.

5.1.-Ser español ou estranxeiro con residencia legal en España.

5.2.-Será condición necesaria para obter a condición de beneficiario, que os proxenitores, ou polo menos un deles e o menor, manteñan o empadramento no municipio de Frades dous anos posteriores á recepción da axuda. O incumprimento desta condición dará lugar á revogación da subvención concedida, coa obriga de devolver o importe íntegro da axuda concedida. Será documento acreditativo do disposto neste apartado certificado de empadramento e convivencia da unidade familiar.

5.3.-Que o menor conviva co solicitante ou solicitantes.

5.4.-Os pais, ou polo menos un dos proxenitores, deberá estar empadroado/a no Concello do Frades cunha antelación mínima de 12 meses á data de parto, adopción ou acollemento.

5.5.-Os beneficiarios deberán atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Frades.

Artigo 6.-Contía das axudas e imputación do gasto.

As axudas serán como máximo de 400,00 € por cada fillo/a nados, adoptados/as ou acollidos/as.

En caso de partos múltiples, terase dereito a percibir un 100% adicional para cada fillo. No caso de adopción de máis dun menor, terase en conta a mesma porcentaxe de incremento.

O Concello anualmente no seu orzamento, como requisito imprescindible, destinará a cantidade a conceder por axudas á natalidade. A imputación do gasto realizarase con cargo a esa partida orzamentaria específica, que se creará no orzamento xeral do Concello, cuxa existencia



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

vincularase a aplicación desta ordenanza na medida en que debe estar previsto no crédito de xeito adecuado e suficiente para a súa efectividade.

Non obstante o disposto no apartado anterior, á vista das cifras resultantes, previa á tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementar ou diminuír o importe global e en consecuencia, a cantidade a outorgar a cada beneficiario.

Artigo 7.-Procedemento de concesión.

As solicitudes das axudas deben de ser cubertas de conformidade ao modelo normalizado (anexo I), dirixidas ao Alcalde-Presidente e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Frades, a través da sede electrónica ou en calquera outro dos lugares habilitados ao efecto, de conformidade da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Estará aberta a convocatoria todo o ano.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificado de convivencia da unidade familiar, expedido polo Concello, onde figure a data de alta no Padrón Municipal de Habitantes. Os certificados serán achegados de oficio polo Concello.
- Fotocopia do libro de familia e do DNI do solicitante.
- De ser o caso, copia do auto xudicial de adopción ou copia compulsada, da resolución administrativa de acollemento.
- Fotocopia compulsada do convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio, de ser o caso.
- Compromiso de seguir empadroadado no Concello de Frades por un período mínimo de dous anos.
- Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.
- Fotocopia compulsada, se é o caso, da resolución xudicial que estableza a quen corresponden a garda e custodia do menor en caso de separación, divorcio ou nulidade matrimonial.
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.
- Certificado da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.
- Certificado de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No Concello comprobarase de oficio que os solicitantes están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.

Artigo 8.-Órganos de resolución e prazo de notificación.

Unha vez revisadas as solicitudes, se non estivesen debidamente cubertas ou non se presentase a documentación solicitada polo concello, requirirase ao interesado para que, no prazo de 10 días,



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraidesdioruna.es

emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, entenderase que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Os expedientes serán avaliados por parte dos servizos sociais municipais. A través do instrutor do expediente, e unha vez completada a documentación, formularase a correspondente proposta de resolución e remitirase o expediente ao órgano competente para a súa resolución definitiva. As resolucións dos expedientes faranse por orde cronolóxica de solicitude, soamente poderán ser denegadas polos seguintes motivos:

- Non cumprir os requisitos establecidos na ordenanza para a concesión da axuda.*
- Presentar a solicitude fora do prazo establecido.*
- Estar esgotado o crédito orzamentario habilitado na partida establecida para esta finalidade.*

O prazo para resolver será de 3 meses, dende a data de presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido dito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda.

Contra a resolución poderán interporse os recursos pertinentes segundo a lexislación vixente, tendo en conta que esta pon fin á vía administrativa.

Artigo 9.-Compatibilidade con outras prestacións/axudas.

Esta axuda será compatible con calquera outra establecida polas Administracións Públicas ou calquera dos seus organismos.

Artigo 10.-Deberes dos beneficiarios.

A presentación de solicitude polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar ao Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter a subvención. Quedan obrigados a reintegrar a axuda concedida cando se incumpran os requisitos para a súa concesión establecidos nas presentes bases.

Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, no caso de tela percibido xa, a devolución da mesma cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puideran esixir.

Artigo 11.-Infraccións e sancións.

Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 12.-Réxime xurídico.

A normativa que regula a concesión das axudas á natalidade é a propia ordenanza. Para o non previsto na mesma terase presente o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

procedemento administrativo común, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O réxime xurídico do reintegro das axudas será o establecido no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Terase dereito a percibir a correspondente axuda para os supostos que veñen recollidos nestas ordenanza reguladora que tivesen lugar a partir do día 1 de xaneiro do 2022.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

Segundo.- Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto».

Frades, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde, Roberto Rey Martínez

INTERVENCIÓNS

MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, concelleiro do grupo municipal do BNG indica que con carácter xeral parécelle correcta a proposta se ben considera mellor que a cantidade fose variable en atención á situación económica da cada familia.

O Sr. Alcalde indica que a hora de facer esta proposta revisáronse ordenanzas doutros concellos tendo todas o mesmo tenor en atención ao establecemento dunha contía fixa por nacemento con independencia dos ingresos das familias solicitantes.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
3 PSOE
0 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstencións:

0 PP
0 PSOE
1 BNG

O pleno por maioría dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a *ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS PARA NACEMENTOS DE FILLOS, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO PREADOPTIVO NO CONCELLO DO FRADES*, coa redacción que a continuación se recolle:(...)

Segundo.- Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

4.-ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS DE BONO-TAXI NO CONCELLO DO FRADES. EXPEDIENTE: 2021/X999/000018.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:
PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: *ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS DE BONO-TAXI NO CONCELLO DO FRADES*

Expediente: 2021/X999/000018

Considerándose do máximo interese para este Municipio a aprobación dunha Ordenanza reguladora de axudas de bono-taxi no concello do Frades.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fades.dicoruna.es

De conformidade co que dispón os artigos 49 e 22.2.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, PROPOÑO ao concello en Pleno:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS DE BONO-TAXI NO CONCELLO DO FRADES, coa redacción que a continuación se recolle:

ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS DE BONO-TAXI NO CONCELLO DO FRADES

Exposición de motivos

Tanto a Constitución española, artigo 49, como a Convención Internacional e diferentes normativas sobre os dereitos das persoas con diversidade funcional obriga e recomenda a posta en marcha de políticas de previsión, rehabilitación e integración destas persoas, garantíndolles o goce pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos, liberdades fundamentais e oportunidades, para o que é imprescindible a promoción da autonomía persoal, da accesibilidade universal, do acceso ao emprego, da inclusión social na súa comunidade, a vida independente e a erradicación de toda forma de discriminación.

Con esta ordenanza pretendese dende o concello dar un servizo máis para os nosos maiores, para que poidan ter unha maior calidade de vida e seguir no seu entorno mentres así o desexen. Ademais con este servizo os nosos maiores poderán ter a vantaxe de vivir no rural xunto coa proximidade dos servizos das cidades ou pobos mais grandes.

Con esta axuda pretendemos enfrontarnos a un dos grandes retos aos que se están enfrontando os pequenos municipios rurais, a mobilidade dos seus cidadáns máis desfavorecidos, que sofren dificultades para o normal acceso a servizos básicos principalmente os sanitarios.

- Axudar ás persoas en situación de especial necesidade previndo situacións de desprotección e mellorar a súa calidade de vida
- Facilitar o arraigamento poboacional e loitar contra o despoboamento das zonas rurais
- Solucionar problemas de mobilidade das persoas que viven soas nas zonas rurais para que teñan os mesmos dereitos que calquera outra, independentemente do seu lugar de residencia
- Favorecer que as persoas solicitantes poidan continuar vivindo na súa contorna, sempre que así o desexen
- Promocionar a saúde das persoas máis desfavorecidas facilitando a súa asistencia ás citas médicas, realización de probas...

Artigo 1.-Fundamento.

A presente ordenanza ten o seu fundamento nas competencias que o art.2 e o art.25.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, establece que os Concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O concello considera esta axuda esencial para que as persoas con mobilidade reducida, así como da necesidade de axuda co transporte, poidan desenvolver unha vida independente, e, en consecuencia, gozar dos mesmos dereitos que o resto da cidadanía.

Artigo 2.-Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas reguladoras para a concesión de axudas individuais en réxime de bono-taxi, destinadas a persoas físicas con discapacidade, dependencia e/ou idade avanzada, (sempre que poidan utilizar medios de transporte público non adaptado) cuxa capacidade económica lles dificulte a asistencia a citas médicas.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

A finalidade destas axudas é favorecer o desprazamento destas persoas mediante a utilización do servizo público do taxi. Este servizo atenderá aos usuarios de servizos de saúde que necesiten acudir a un centro médico con cita previa e que non requiran asistencia sanitaria durante o traslado.

Esta axuda poderase utilizar para desprazarse a calquera centro sanitario do SERGAS dentro da provincia da Coruña para asistir a unha cita médica previamente programada.

Só se poderán realizar traxectos mediante unha solicitude por parte do usuario no departamento de servizos sociais municipais e a súa posterior comunicación de concesión.

A orixe da ruta para a prestación do servizo sempre será o domicilio no que o solicitante figure empadroadado.

Artigo 3.-Natureza da axuda.

As axudas que se outorguen conforme a presente ordenanza teñen a natureza de axudas en especie conforme ao establecido na Disposición adicional quinta. Axudas en especie da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Disposición adicional terceira. Axudas en especie da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4.-Beneficiarios.

Poderán solicitar a prestación deste programa as persoas maiores de 65 anos e/ou con discapacidade/dependencia recoñecida, que poidan utilizar transporte público non adaptado, e que ademais reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroados no Concello de Frades e figurar residindo sos, con polo menos 6 meses de antelación á publicación desta convocatoria.

- Ter máis de 65 anos ou ser maior de idade e ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65%, unha pensión da seguridade social por IPT, IPA, grande invalidez ou un grao II ou III de dependencia segundo baremo utilizado na Lei 39/2006 do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia (sempre que poidan utilizar medios de transporte público non adaptado). No caso de que a persoa solicitante se encontre en activo, no ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquer outro título acreditativo. Nin tampouco ter dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE u outra entidade.

- Non posuír vehículo propio ou no caso de telo estar imposibilitado para a condución.

- Carecer de ingresos superiores ao 85% do IPREM anual na unidade familiar, considerando calquera tipo de ingreso: pensións procedentes de España ou do estranxeiro, rendas de capital mobiliario ou inmobiliario, rendas de traballo por conta propia ou allea... Non se consideraran no cálculo as prestacións procedentes do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) que teñan como finalidade a adquisición dun servizo ou coidados na contorna, nin o complemento por fillo a cargo discapacitado.

- Os beneficiarios deberán atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Frades.

Artigo 5.- Procedemento de concesión.

As solicitudes das axudas deben de ser cubertas de conformidade ao modelo normalizado (anexo I), dirixidas ao Alcalde-Presidente e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Frades, a través da sede electrónica ou en calquera outro dos lugares habilitados ao efecto, de conformidade da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Estará aberta a convocatoria todo o ano.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- DNI
- Certificación actual de pensións, prestacións ou subsidios expedidos polos organismos correspondentes: SEPE, Seguridade Social, Xunta de Galicia... e calquera outro ingreso que perciba a persoa solicitante.
- Certificados bancarios relativos a saldos das contas.
- No caso de que non se poidan acreditar documentalmente os ingresos da persoa solicitante, realizarase unha declaración xurada sobre eles.
- Certificado de discapacidade/dependencia si fose o caso.
- Declaración xurada (si fose necesaria) (anexo II).
- Calquera outra documentación requirida polos servizos sociais municipais.

Unha vez presentada esta documentación, si presentase defectos ou resultase incompleta, requirirase para que a persoa interesada proceda á súa emenda no prazo máximo de 10 días hábiles téndose por desistida si non a presentase.

Tras a valoración profesional o traballador social elaborará un informe segundo os criterios establecidos no que constará a proposta de concesión ou non da axuda.

En caso de non recibir notificación algunha, entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Unha vez aprobada a axuda, o interesado en realizar un traxecto, comunicará cunha antelación mínima de dous días laborables, mediante o anexo III o destino do traxecto, a data de realización e a hora de chegada ao destino, ademais dun xustificante da cita médica programada.

O usuario deberá estar presente no punto de recollida á hora establecida, en caso contrario, e de non existir unha causa xustificada, considerarase que o usuario non se presentou e aboará a totalidade dos gastos ocasionados. Si a persoa usuaria acumúlase 4 ausencias, será privada do servizo durante un ano.

O transporte poderá ser compartido, a condición de que os usuarios soliciten destinos e horarios similares.

Soamente prestaranse servizos en días laborais de luns a venres, salvo excepción valorada polos servizos sociais.

Trátase dunha convocatoria anual e en caso de ser aprobada o será ata o 31 de decembro do ano en curso, cun máximo de 5 desprazamentos anuais por persoa.

Os casos especiais que con carácter excepcional necesiten unha resolución inmediata serán tramitados con carácter urgente sendo unicamente necesario para a concesión da axuda un informe do traballador social, no prazo de 24 horas, pendente da presentación da documentación necesaria con posterioridade á prestación do servizo e resolución pertinente.

O Concello anualmente no seu orzamento, como requisito imprescindible, destinará a cantidade a conceder por axudas ó bono-taxi. A imputación do gasto realizarase con cargo a esa partida orzamentaria específica, que se creará no orzamento xeral do Concello, cuxa existencia vincularase a aplicación desta ordenanza na medida en que debe estar previsto no crédito de xeito adecuado e suficiente para a súa efectividade.

Artigo 6.- Regulación do uso do bono-taxi e xestión do servizo.

Os bono-taxis son de uso persoal e intransferible. As persoas beneficiarias están obrigadas a cumprir as normas establecidas para este servizo. O uso fraudulento do mesmo dará lugar á retirada do servizo polo prazo dun ano.

O taxista deberá solicitar ao beneficiario a súa identificación persoal mediante a presentación do DNI ou calquera outro documento que acredite a súa identidade.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

O número de solicitudes aprobadas anualmente estará limitado pola dispoñibilidade orzamentaria anual, sendo a orde de presentación o criterio para o acceso a estas axudas.

O concello subscribirá un convenio de colaboración cos titulares dos taxis deste municipio, para a xestión deste programa. O pago desta axuda realizarase de forma delegada directamente a estes profesionais.

Os vehículos que presten este servizo deberán cumprir o establecido no regulamento de servizos de transporte público, en canto ás características dos vehículos e as autorizacións necesarias para prestar servizos discrecionais de taxi, segundo a lei 4/2013 do 30 de maio de Transporte Público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

A corporación local resérvase o dereito de adoptar as medidas que considere oportunas para comprobar o correcto uso deste servizo.

As resolucións que se diten ao amparo desta orde porán fin á vía administrativa, podendo interpor recurso ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da resolución.

Artigo 7.- Causas de revogación e reintegro

Procederase á revogación da axuda e ao reintegro total do gasto ocasionado nos seguintes casos:

- Obtención da axuda falseando ou ocultando as condicións requiridas
- Incumprimento total ou parcial da finalidade para a que foi concedida a subvención ou das obrigacións do beneficiario establecidas nestas bases
- Perda dalgunha das condicións que deron lugar á súa concesión ou falecemento da persoa beneficiaria e non ser comunicado no prazo establecido aos servizos sociais municipais
- Negativa ou obstrución ás actuacións de control e seguimento previstas nesta convocatoria por parte dos servizos sociais
- Calquera outra contemplada na Lei Xeral de Subvencións

A revogación da axuda suporá tamén o impedimento dunha nova solicitude por un período dun ano.

Unha vez consumido totalmente o orzamento asignado para este servizo, poderá suspenderse de forma temporal ata recibir unha nova asignación orzamentaria.

Artigo 8.- Obrigacións das persoas usuarias

As persoas beneficiarias desta axuda están obrigadas a:

- Utilizar o bono-taxi única e exclusivamente para a finalidade para a que foi concedido.
- Comunicar ao departamento de servizos sociais calquera variación na súa situación que poida afectar á concesión da solicitude, nun prazo máximo de 10 días.
- Seguir as indicacións do persoal do servizo de taxi.
- Utilizar os cintos de seguridade conforme a normativa de seguridade
- Absterse de realizar calquera acción que supoña unha molestia para o condutor ou outra persoa viaxeira.
- Atoparse nunhas condicións hixiénico-sanitarias que eviten calquera tipo de risco de contaxio ou de incomodidade, mesmo por cheiros, ao resto de viaxeiros ou ao persoal de condución.
- Responder dos danos que unha incorrecta ou imprudente utilización do servizo poida producir.
- Aceptar o criterio do persoal do servizo no caso de que se produzan discrepancias a bordo do vehículo relativas ao servizo
- Permitir e facilitar a labor do traballador social para verificar a súa situación sociofamiliar e económica
- Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- *Facilitar o control e seguimento do cumprimento da axuda por parte dos servizos sociais. O persoal de condución non permitirá a entrada ou, no seu caso, ordenará a saída do vehículo a toda persoa que incumpra as normas sinaladas. Isto suporá a suspensión do servizo e a obrigaón por parte do usuario do aboamento do gasto ocasionado.*

Artigo 9.- Dereitos das persoas usuarias

Son dereitos das persoas usuarias do servizo os seguintes:

- *A ser transportados baixo a cobertura dos seguros obrigatorios que os vehículos de transporte público deben de ter.*
- *Recibir un trato correcto por parte do persoal do servizo*

Artigo 10.-Infraccións e sancións.

Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 11.-Réxime xurídico.

A normativa que regula a concesión das axudas é a propia ordenanza. Para o non previsto na mesma terase presente o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O réxime xurídico do reintegro das axudas será o establecido no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Terase dereito a percibir a correspondente axuda para os supostos que veñen recollidos nestas ordenanza reguladora que tivesen lugar a partir do día 1 de xaneiro do 2022.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

Segundo.- Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto».

Frades, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde, Roberto Rey Martínez

INTERVENCIÓNS

Non se producen.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
2 PSOE
1 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstenciones:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

O pleno por unanimidade dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS DE BONO-TAXI NO CONCELLO DO FRADES, coa redacción que a continuación se recolle:(...)

Segundo.- Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno. Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto».

5.-MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS CON CARGO A ANULACIÓNS OU BAIXAS DE CRÉDITOS DOUTRAS APLICACIÓNS. EXPEDIENTE: 2021-SUPLE-01.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:
Expediente núm.: 2021-SUPLE-01

Proposta Alcaldía

Procedemento: Modificación de Créditos, Modalidade de Suplemento de Créditos con cargo a Baixas de Créditos doutras Aplicacións

PROPOSTA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTES MODIFICACIÓN 2021-SUPLE-01

Considerando a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraudesdioruna.es

dado que se dispón de Baixas de Créditos doutras Aplicacións, por importe de 39.000,00 euros, por todo iso faise precisa a concesión dun suplemento de crédito financiado con aqueles recursos.

Considerando que con data 08/11/2021 emitíuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando que con data 08/11/2021 emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Considerando que con data 08/11/2021 se emitiu Informe favorable de Intervención.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2021-SUPLE-01 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo a baixas de créditos doutras aplicacións, como segue a continuación:

Suplementos en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos totais
Progr.	Económica				
453	21000	Estradas- Infraestruturas e bens naturais	63.000,00	27.000,00	90.000,00
453	22103	Estradas- Infraestruturas e bens naturais. Combustibles e carburantes	8.000,00	3.000,00	11.000,00
920	35900	Administración Xeral. Outros gastos financeiros	2.000,00	3.000,00	5.000,00
920	22799	Administración Xeral. Traballos realizados por outras empresas	68.483,00	6.000,00	74.000,00



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraudesdioruna.es

		TOTAL ALTAS		39.000,00	
--	--	-------------	--	-----------	--

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo a baixas de créditos doutras aplicacións nos seguintes termos:

Baixas en Concepto de Gastos

1.- SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica				
920	12000	Administración Xeral. Soldos Grupo AI	16.071,44	8.000,00	8.071,44
920.	12100	Administración Xeral. Complemento de destino	19.527,06	7.000,00	12.527,06
920.	12101	Administración Xeral. Complemento especifico	30.171,82	3.000,00	27.171,82
920.	16000	Administración Xeral . Seguridade Social	28.442,83	2.000,00	26.442,83
942	46300	Transferencia a Mancomunidade	100.000,00	19.000,00	81.000,00
		TOTAL Baixas		39.000,00	

3.º XUSTIFICACIÓN

Acredítanse por esta Alcaldía os requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a), b), c) e d) (segundo o caso), do Capítulo I, do Título VIN, da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, que son os seguintes:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

Trátase de necesidades concretas e determinadas para esta Corporación Local, tales como:

Necesidade de incrementar o crédito da partida de combustibles de maquinaria polo aumento dos custes e o incremento de horas traballadas.

Arranxo de vías públicas por ser necesario arranxar accesos a determinados núcleos de poboación debido ao aumento do tránsito de maquinaria agrícola pesada polas tarefas da campaña de ensilado de millo e semente de prados.

Necesidade de suplementar a partida de gastos financeiros debido ao aumento de costes dos servizos bancarios.

Necesidade de incrementar a partida de traballos realizados por outras empresas debido ao aumento de traballos incluídos nesta.

b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

c) Polo que se refire ás baixas por anulación noutras aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos, as mesmas estímense reducibles sen perturbación do funcionamento dos referidos servizos. Trátase de gastos que non se van a realizar.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Frades, 9 de novembro de 2021 O Alcalde- Presidente Roberto Rey Martínez"

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
0 PSOE
0 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstencións:

0 PP



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

3 PSOE
1 BNG

O pleno por maioría dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2021-SUPLE-01 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo a baixas de créditos doutras aplicacións, como segue a continuación:(...)

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

6.-DESLINDE DO CAMIÑO SITUADO NO LINDE SUR DA PARCELA 48, DO POLÍGONO 513. EXPEDIENTE: 2019/V001/000003

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que o día 18 de marzo de 2019, Dona. María Aurora Patiño Ríal solicita ó Concello de Frades o deslinde do camiño situado no linde sur da parcela 48, do polígono 513, da súa propiedade segundo as escrituras aportadas.

Visto que en data 7 de maio de 2019 emítase informe técnico.

Visto acordo da XGL de data 20/05/2019 polo que se inicia expediente de deslinde cos trámites previos previstos no acordo.

Vista documentación recadada e que obra no expediente emítase pola Secretaria informe xurídico de 10 de outubro de 2019 sobre o procedemento aplicable.

Visto informe técnico de 24 de outubro de 2019.

Visto acordo da XGL de 29 de outubro de 2019 que a continuación se transcribe:

"1.- Que pola Técnica municipal se redacte Memoria xustificativa do deslinde, que conteña o sinalado no artigo 58 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

2.- Que se incorpore ao expediente Orzamento de Gastos de Deslinde e se notifique ao interesado aos efectos da súa conformidade.

3.- Que se proceda a continuación a solicitar orzamento a tres empresas/técnicos aos efectos de levar a cabo o deslinde, e conseguinte apeo con fixación dos lindeiros correspondentes.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

A potestade de deslinde consistirá en practicar as operacións técnicas de comprobación e, no seu caso, de rectificación de situacións xurídicas plenamente acreditadas. Ditas operacións terán por obxecto delimitar a leira a que se refiran e declarar provisionalmente a posesión de feito sobre a mesma."

En data 16 de decembro de 2019 emítense polos servizos técnicos memoria xustificativa do deslinde de conformidade co sinalado no artigo 58 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, identificándose as fincas e dereitos reais afectados os cales se identifican a continuación:

"As fincas afectadas polo deslinde do camiño son o camiño de titularidade municipal segundo a concentración parcelaria dos Montes da zona de San Xulián de Céltigos e San Xoán de Vitre, cuxa data de firmeza do acordo foi o 16 de setembro de 2002, situado entre a parcela 48 do polígono 513 e a parcela 142 do polígono 508, na Parroquia de Vitre.

Datos do camiño (propiedade municipal)

Tal e como se indica en apartados anteriores, o camiño existe nos planos de concentración parcelaria pero non teñen referencia catastral, xa que con constan no catastro.

Datos da parcela 48 do polígono 513 (propiedade privada)

<i>Referencia catastral</i>	<i>15039B513000480000AF</i>
<i>Localización</i>	<i>Próxima a O Campo, Parroquia de Vitre</i>
<i>Clase</i>	<i>Solo rústico de protección forestal</i>
<i>Superficie catastral gráfica</i>	<i>32.971 m²</i>
<i>Uso</i>	<i>Plantación</i>
<i>Ano de construción</i>	<i>Non existen edificacións</i>
<i>Lindeiros</i>	<i>Norte: María Dolores Mera Iglesias (parcela 50 do polígono 513) Sur: María Carmen Ribadulla Carro (parcela 141 do polígono 508) (camiño en medio) Dorinda Vázquez Liñeira (parcela 142 do polígono 508) (camiño en medio) SAT Casa Jaime, n. (parcela 299 do polígono 508) (camiño en medio) María Josefa Suárez Suárez (parcela 143 do polígono 508) (camiño en medio)</i>



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraidesdioruna.es

	<i>Este: María García Francos (parcela 49 do polígono 513)</i> <i>Oeste: Manuel Óliver Pérez (parcela 47 do polígono 513)</i> <i>José Lino Óliver Pérez (parcela 46 do polígono 513)</i>
<i>Título de adquisición</i>	<i>Título de concentración parcelaria de Vitre - Céltigos, número 433, de 22 de agosto de 2003.</i>
<i>Cargas</i>	<i>A finca está cruzada por un tendido eléctrico, tal como se reflexa no plano da escritura.</i>
<i>Destino</i>	<i>Plantación</i>
<i>Estado de conservación</i>	<i>Bo</i>
<i>Outras circunstancias</i>	

Datos da parcela 142 do polígono 508 (propiedade privada)

<i>Referencia catastral</i>	<i>15039A508001420000JE</i>
<i>Localización</i>	<i>Próxima a O Campo, Parroquia de Vitre</i>
<i>Clase</i>	<i>Solo rústico de protección agropecuaria</i>
<i>Superficie catastral</i> gráfica	<i>2.697,00 m2</i>
<i>Uso</i>	<i>Parcela con unha vivenda unifamiliar illada e pendellos</i>
<i>Ano de construción</i>	<i>1998</i>
<i>Lindeiros</i>	<i>Norte: María Aurora Patiño Rial (parcela 48 do polígono 513) (camiño en medio)</i> <i>Sur: Camiño</i> <i>Este: Camiño</i> <i>Oeste: María Carmen Rivadulla Carro (parcela 141 do polígono 508)</i>
<i>Título de adquisición</i>	<i>Descoñecido</i>
<i>Cargas</i>	<i>Descoñecido</i>
<i>Destino</i>	<i>Vivenda unifamiliar</i>



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

Estado de conservación	Bo
Outras circunstancias	

4. TITULOS DE PROPIEDAD E OUTROS ACTOD DE TRASCENDENCIA REAL

A solicitante do deslinde do camiño, Dona. María Aurora Patiño Rial, aportou a copia do título de propiedade sa súa finca (parcela 48 do polígono 513), lindeira polo norte co camiño a deslindar.

Dende o servizo de infraestruturas agrarias da Xunta de Galicia comunícase que todos os camiños de concentración parcelaria son de titularidade municipal, pero non hai un título de propiedade como tal, senón que hai un documento no que se fai entrega da obra (execución dos camiños da concentración parcelaria), para a disposición do concello, polo que se entende por recibida e titular da mesma."

Con motivo do anteriormente exposto e de conformidade co artigo 59 Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais solicítanse tres presupostos para determinar os gastos derivados do deslinde, dándose conta dos mesmos na XGL de 18 de setembro de 2020.

Notifícanse os tres presupostos recibidos a promotora do expediente, e esta presenta escrito en data 27 de outubro de 2020 por Rexistro no que acepta o presuposto do perito Don Bernardino Fernández Pena que ascende a 850,00 euros IVE incluído, debendo esta sufragar os gastos correspondentes.

Visto informe xurídico de 25 de novembro de 2020 sobre o estado do procedemento e os trámites a seguir.

Visto que en Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2020 acordouse o deslinde solicitado notificando o devandito acordo as fincas colindantes e os titulares de dereitos reais sobre as mesmas, e anunciándose o acordo no «Boletín Oficial» da provincia, «Boletín Oficial» do municipio e no taboleiro de anuncios do Concello, con sesenta días de antelación á data fixada para iniciar as operacións.

Visto que o 31 de marzo de 2021 acudiuse a realizar o deslinde levantándose a correspondente acta que consta no expediente.

Visto que o día 15 de setembro procedeuse a conceder acceso ao expediente e copia do mesmo a Don Jesús Vázquez Liñeira.

Visto que o día 15 de setembro de 2021 procedeuse a notificar a acta firmada por todos os presentes no momento do deslinde aos interesados, xunto co informe elaborado por Don Bernardino Fernández Pena a fin de que concederlle prazo de alegacións de 10 días de conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vistas alegacións presentadas por Don Jesús Vázquez Liñeira en data 27 de setembro de 2021.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

Visto que na Xunta de Goberno Local de 15 de outubro de 2021 acordouse remitir as alegacións presentadas ao perito designado polo Concello, D. Bernardino González Pena e requirirlle informe técnico sobre as alegacións presentadas.

Visto informe de data 8 de novembro de 2021 elaborado por D. Bernardino González Pena sobre as alegacións presentadas que conclúe:

"1.-En las alegaciones se pretende desvirtuar el informe 2115 en base a que no se aportaron los certificados de verificación (se aportan en el presente informe) y por el contrario se da más credibilidad a la medición de don Cándido Rodríguez, que no indica con que equipos realizó la medición ni sus certificados de verificación, ni da las coordenadas UTM obtenidas para poder comparar informes. Sin embargo don Cándido Rodríguez considera correcta mi medición y utiliza la superficie por mi calculada para la parcela 48 para realizar el prorrateo.

2.-Se ha cuestionado que no haya empleado el método de prorrateo para realizar el deslinde. En las propias alegaciones se presenta una propuesta en base a dicho método con un resultado ilógico que se desecha automáticamente para presentar "otra propuesta más equitativa y ajustada a la realidad física" que no se justifica bajo ningún criterio técnico.

3.-Procede estimar parcialmente las alegaciones realizadas, realizando un pequeño ajuste en la zona Sur de la parcela 142 de forma que la zona B o zona ajardinada constituye el límite entre la parcela 142 y el camino en la forma que se recoge en el plano nº 9. En los planos nº 10 y nº 11 se observa que este pequeño ajuste se adapta perfectamente a los planos de concentración parcelaria de la zona."

Considerando que o artigo 56 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, prevé entre as prerrogativas administrativas que as Entidades Locais posúen para a protección dos seus bens a do deslinde administrativo dos mesmos.

Considerando o establecido nos artigos 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais respecto ao procedemento de deslinde; previsión esta que se repite nos artigos 280 e 282 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Considerando que a competencia nesta materia corresponde ao Pleno do Concello á vista do art. 22. j) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Visto o completo do expediente.

Polo anteriormente exposto, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN, a adopción do seguinte acordo:**

PRIMEIRO.- Aprobar o deslinde do camiño situado no linde sur da parcela 48, do polígono 513, de conformidade coas operacións de apeo recollidas na acta de 31 de marzo de 2021 e a estimación das alegacións presentadas recollidas no informe de data 8 de novembro de 2021 elaborado polo enxeñeiro D. Bernardino González Pena.

SEGUNDO.- Que se notifique persoalmente o presente acordo aos propietarios colindantes do camiño e aos titulares dos dereitos reais afectados polo deslinde, acompañándose dunha



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidesdioruna.es

certificación del acta de apeo del deslinde e corrección levada a cabo como consecuencia da estimación parcial das alegacións presentadas por D. Jesús Vázquez Liñeira.

TERCEIRO.- Que se proceda polos servizos municipais a realizar o mercado definitivo do deslinde, comunicando a data do mesmo a tódolos interesados, unha vez sexa firme o presente acordo

CUARTO.- Que se de traslado do presente acordo ao Rexistro da Propiedade de Ordes achegando certificación da acta de apeo do deslinde e do informe sobre as alegacións presentadas a efectos da súa inscrición.

INTERVENCIONES

Non se producen.

O Sr. Alcalde-presidente indica que os concelleiros do grupo municipal do PP, MANUEL FERREIRO MARZOA, JESÚS MIGUEL PRADO CEA non participan na votación do asunto por cuestións particulares.

VOTACIÓN

Votos a favor:

5 PP
0 PSOE
0 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstencións:

0 PP
3 PSOE
1 BNG

O pleno por maioría dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o deslinde do camiño situado no linde sur da parcela 48, do polígono 513, de conformidade coas operacións de apeo recollidas na acta de 31 de marzo de 2021 e a estimación das alegacións presentadas recollidas no informe de data 8 de novembro de 2021 elaborado polo enxeñeiro D. Bernardino González Pena.

SEGUNDO.- Que se notifique persoalmente o presente acordo aos propietarios colindantes do camiño e aos titulares dos dereitos reais afectados polo deslinde, acompañándose dunha certificación del acta de apeo del deslinde e corrección levada a cabo como consecuencia da estimación parcial das alegacións presentadas por D. Jesús Vázquez Liñeira.

TERCEIRO.- Que se proceda polos servizos municipais a realizar o mercado definitivo do deslinde, comunicando a data do mesmo a tódolos interesados, unha vez sexa firme o presente acordo



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraudes.dicoruna.es

A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

CUARTO.- *Que se de traslado do presente acordo ao Rexistro da Propiedade de Ordes achegando certificación da acta de apeo do deslinde e do informe sobre as alegacións presentadas a efectos da súa inscrición.*"

7.-MOCIÓNS.

7.1.- MOCIÓN LEI AUDIOVISUAL. (RE Nº 687; 09/11/2021).

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa moción se inclúe íntegra a continuación:

"PROPOSTA DE MOCIÓN

1. Exposición de motivos

Plataformas de emisións de contidos audiovisuais como Netflix, HBO, Prime Vídeo ou Movistar ,ou incluso as canles xeralistas con concesións públicas de TV, emiten os seus contidos só en castelán sen nen sequera contaren coa opción dobrada ou lexendada en galego que si ofertan para outras moitas linguas.

Mesmo a canle pública estatal, TVE, tamén financiada con diñeiro galego, só emite na nosa lingua

39 minutos sobre un total de 120 horas diarias.

Até o momento a lexislación xeral audiovisual só estableceu porcentaxes obrigatorios de contidos mínimos e financiamento en castelán, o que limita o acceso a contidos en galego, impide que a infancia, a mocidade e o conxunto do público gocen dunha oferta máis ampla de series e filmes en galego e sitúa en inferioridade de condicións de financiamento ao sector audiovisual galego. Porén, esta situación pode mudar na nova Lei Xeral de Comunicación Audiovisual.

En maio de 2021 o Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade a Iniciativa Popular Xabarín impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e avalada por máis de 33.000 sinaturas, xa contemplaba algunhas medidas para corrixir esta situación solicitando accións para:

- *Que a nova Lei Xeral do Audiovisual recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.*
- *Reclamar da Corporación de Radio Televisión Española que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.*

2. Proposta de resolución



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fades.dicoruna.es

Que o pleno do Concello de Frades acorde adherirse á Iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza (PNP-001472) publicada no BOP nº 126, de 21/04/21 e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE.”

INTERVENCIÓNS

Non hai intervencións

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP

3 PSOE

1 BNG

Votos en contra:

0 PP

0 PSOE

0 BNG

Abstencións:

0 PP

0 PSOE

0 BNG

O pleno por unanimidade dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

Que o pleno do Concello de Frades acorde adherirse á Iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza (PNP-001472) publicada no BOP nº 126, de 21/04/21 e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE.”

7.2.- 25N #concellosgalegos #PoloBoTrato (RE Nº 686; 09/11/2021).

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa moción se inclúe íntegra a continuación:

“25N #concellosgalegos #PoloBoTrato

O maltrato machista, consecuencia máis atroz da pretendida desigualdade entre homes e mulleres, segue na nosa sociedade. Por iso, con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, a Fegamp lembra ás vítimas que os Concellos están aí para axudalas a saír desa situación e reitera o firme compromiso das Entidades Locais de combater tan inxusta, irracional e gran eiva.

A COVID19 agravou e agachou o problema, pero a debacle da pandemia vén seguida dunha oportunidade para avanzar cara a unha metamorfose histórica en todos os eidos: as bases que rexen o estilo de vida, o emprego dos recursos naturais, a economía, os dereitos e as relacións humanas. Neste último punto se encadra o obxectivo de acadar a igualdade de xénero, principio esencial para unha sociedade xusta, pacífica, próspera, sostible e absolutamente incompatible co maltrato á muller.

Cando consegue saír á luz, a violencia física, máis identificable ou perceptible, é a que fai saltar as alarmas máis veces. Pero o maltrato ás mulleres prodúcese acotío, en case todos os ámbitos da vida e baixo distintas formas: discriminación, violencia, vexación, dominio, ameaza, acoso, enmudecemento, privación... Mais recentemente recoñecida pero non por iso menos cruel, nesta lista incluíuse a violencia vicaria, é dicir, aquela que o maltratador exerce contra as persoas que a muller máis quere, normalmente fillos e fillas, coa intención de xerarlle sufrimento ou sometela.

Se ben ao longo dos últimos anos as estatísticas amosan avances importantes nalgunhas formas de maltrato como a ablación, aínda deixan cifras tremebundas como que case 1 de cada 3 mulleres do mundo de 15 anos ou máis sufriu violencia física ou sexual ao menos unha vez na súa vida.

Aquí, en Galicia, a memoria da Fiscalía Superior de Galicia do ano pasado rexistra 6.073 vítimas da violencia de xénero (1,27% máis que en 2019), 3 asasinatos machistas e un dato moi preocupante: un 84% de renuncias a continuar co proceso xudicial.

Os Concellos somos para a cidadanía a Administración tanxible; o refuxio das persoas cando teñen dúbidas, necesidades, problemas... A confianza que depositan en nós é unha gran responsabilidade que cobra máis peso canta máis gravidade reviste a situación e, fóra de toda cuestión, a vida e integridade das persoas é a maior das prioridades.

Esta relación directa, a nosa capacidade de xestión, xunto co noso coñecemento e acción á hora de dar forma ao modelo de convivencia, convírtenos nun actor esencial en calquera política, pero de xeito especial naquelas que inciden directamente nas persoas.

O compromiso do municipalismo galego fronte a violencia de xénero va máis aló de diminuír os rexistros de vítimas; persegue erradicar ese maltrato astuto e invisíbel que oprime de distintas maneiras ás mulleres impedíndolles o seu desenvolvemento e traballa na concienciación para que a igualdade sexa inherente á nosa sociedade.

E dende este posicionamento, a Fegamp, en nome das Entidades Locais Galegas :

-Instamos ás demais Administracións, institucións, entidades públicas e privadas, axentes sociais e á cidadanía en xeral, a sumarse a esta declaración de denuncia e compromiso para erradicar calquera tipo de violencia contra as mulleres.

-Sinalamos a necesidade dunha abordaxe global e profunda, con liñas de acción sobre todas as formas do maltrato, incidindo non só na asistencia senón axudando a dar visibilidade a todo tipo de situacións e adoptando medidas de prevención que eviten o sufrimento.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidesdioruna.es

-Reivindicamos a importancia do municipalismo nesa inescusable transformación que debe pór fin ao maltrato ás mulleres e a acorde participación na toma de decisións que precise dito proceso.

-Requirimos recursos económicos e humanos para a implementación de proxectos de axuda e empoderamento das mulleres

-Demandamos a mellora e prioridade das políticas e leis a favor do desenvolvemento das mulleres, garantindo a súa aplicación en calquera espazo e circunstancia a prol de protexer os seus dereitos.

-Subliñamos o valor das mulleres no desenvolvemento social, económico, intelectual e humano e, por tanto, a necesidade de asegurar a súa participación plena e efectiva en todos os niveis de liderado e decisorios da vida política, económica e social, tanto pública como privada. "

INTERVENCIÓNS

Non hai intervencións

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP

3 PSOE

1 BNG

Votos en contra:

0 PP

0 PSOE

0 BNG

Abstencións:

0 PP

0 PSOE

0 BNG

7.3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO DO SECTOR LÁCTEO(RE Nº 674; 08/11/2021).

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa moción se inclúe íntegra a continuación:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

"O Grupo Municipal Popular no Concello de Frades de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galicia, o sector lácteo posúe unha importancia transcendental que se estende ao longo do territorio español, xa que destacamos como líderes nacionais tanto en número de gandeiros como en produción de leite.

Poñendo de relevo os datos, na nosa comunidade prodúcese o 40% do leite de toda España e localízanse máis da metade das explotacións lácteas do total nacional. Deste xeito, Galicia produce tanto leite como a suma das seguintes catro comunidades españolas con maior produción –Castela e León, Cataluña, Andalucía e Asturias–. Por outra banda, non debemos esquecer que nos atopamos entre as dez primeiras comunidades en produción de leite de Europa.

Perante a relevancia deste sector, cómpre sinalar que o incremento dos custos de produción das explotacións agrarias –que supón o encarecemento dos cereais e dos legumes destinados á alimentación animal, os combustibles ou a enerxía– dificulta a sustentabilidade económica das gandarías, especialmente as dedicadas á produción de leite.

Neste sentido, o compromiso da Xunta de Galicia a prol deste eido produtivo amósase no óptimo desenvolvemento da **Estratexia de dinamización do sector lácteo de Galicia**, cunha aposta firme por consolidar unha relación equilibrada entre gandeiros, industria e distribución, para que o valor xerado se reparta de xeito harmónico ao longo da cadea láctea. Esta estratexia ten como obxectivo principal consolidar Galicia como unha das principais rexións lácteas de Europa, cun alto nivel de competitividade, sustentabilidade e capacidade de resiliencia.

É máis, é preciso referirse á necesidade contemplada na medida 1.2.1 da Estratexia, de abordar unha reforma legislativa ambiciosa que permita aumentar a base territorial das explotacións gandeiras como instrumento reductor dos custos de alimentación. Cumprindo esta medida aprobouse o pasado mes de maio a **Lei de recuperación da terra agraria**, que entre outros obxectivos promove coa ferramenta dos polígonos agrogandeiros os procesos de reestruturación parcelaria e a ordenación de usos nas zonas de produción leiteira.

Precisamente, en relación con este tema, a Consellería do Medio Rural deu a coñecer un informe sobre a **Manifestación de Interese de proxectos autonómicos**, que constata a gran demanda de base territorial que teñen os nosos gandeiros. De feito, das máis de 13.200 hectáreas xeolocalizadas para orientación produtiva gandeira, o 94% correspóndese co sector bovino, o que demostra o peso que ten o vacún na nosa comunidade e especialmente o lácteo.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Nesta liña, cómpre salientar a importancia que posúen as axudas destinadas aos investimentos en explotacións agrarias, coñecidas como "plans de mellora", así como para a incorporación de mozos ou para a instalación de pequenas explotacións, liñas que superan nos orzamentos para o vindeiro ano 2022 os 76 millóns de euros.

A estas liñas de actuación, súmanse as **accións formativas** especializadas en xestión empresarial para os gandeiros (Gandeiros 20-30), e a posta en marcha dunha aplicación para que os gandeiros poidan calcular os seus custos de produción.

Esta aplicación web gratuíta, denominada "**Conta Láctea**", foi oficialmente presentada o pasado mes de agosto co obxecto de promover unha contabilidade rigorosa nas explotacións lácteas galegas. De carácter certamente intuitivo, esta aplicación respecta escrupulosamente a normativa contable española, e permite obter a conta da explotación e o coste de produción por cada litro de leite, entre outras funcionalidades.

Esta iniciativa, como as enmarcadas na citada Estratexia, responden á necesidade de fortalecer a profesionalización do sector, mellorar a súa rendibilidade e defender a calidade dos nosos produtos lácteos por medio de ferramentas prácticas e verdadeiramente efectivas na práctica, sobre todo nun contexto como o actual, de reestruturación do modelo produtivo cara explotacións máis eficientes e rendibles.

Neste respecto, é preciso dar un paso máis na consolidación desta ferramenta e capacitala de validez desde o propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), acreditando os custes de produción dos gandeiros ante os primeiros compradores do leite e facilitando, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa actividade nas mellores condicións.

En consideración de todo o exposto ata o momento, a posta en funcionamento do **Observatorio do Sector Lácteo de Galicia** é outra proba de que a Estratexia sectorial deste importantísimo eido produtivo está a dar os seus froitos. Este atópase seguindo os trámites previos ao decreto que o regulará, co obxecto de darlle un pulo á produción e á transformación do leite en Galicia.

Porén, a clave final é que o consumidor final perciba todo o traballo que leva consigo a produción láctea galega e a garantía de que o noso leite responde aos maiores estándares internacionais de calidade, benestar animal e seguridade alimentaria. Neste senso a estratexia do sector lácteo aposta pola diversificación da produción dos nosos gandeiros coa marca de "Leite de Pastoreo de Galicia". Así mesmo, o recoñecemento pola estratexia da calidade do noso lácteo ten acollemento baixo a marca de garantía "Galega 100%" que será a panca de promoción de todo o noso sector lácteo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Frades presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS:**

1.- O concello de Frades insta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a adopción das medidas oportunas para:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- a) *Habilitar mecanismos que garantan o cumprimento da disposición contida no artigo 12 ter da Lei da Cadea alimentaria, actualmente en tramitación, para acadar o obxectivo de que todos os elos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, alo menos, os seus custos de produción. E que esta exigencia se contemple de xeito particular no caso dos gandeiros, por ser o elo máis feble da cadea.*
- b) *O cumprimento da solicitude realizada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para que no texto final da Lei da cadea alimentaria se recollan as medidas ou modificacións que sexan necesarias para o recoñecemento dos resultados económicos da "Conta láctea" ou outras aplicacións oficiais, como forma de acreditación do custo efectivo de produción.*
- c) *Levar a cabo as modificacións na lexislación estatal demandadas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño das explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.*

2.- *O concello de Frades insta á Xunta de Galicia a impulsar, coa cooperación de todas as administracións públicas, unha campaña de concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular, o papel dos gandeiros e dos produtos lácteos.*

3.- *O concello de Frades insta á Xunta de Galicia a reforzar a promoción dos produtos lácteos galegos incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o benestar animal das nosas explotacións e a diversificación da súa produción, coa implantación de marcas de garantía como Galega 100% e Leite de pastoreo de Galicia.*

4.- *O concello de Frades insta á Xunta de Galicia a apoiar a demanda de base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter público.*

5.- *O concello de Frades insta á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do sector lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para analizar e avanzar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e a transparencia entre os diferentes elos da cadea."*

En Frades , a 8 de novembro de 2021"

INTERVENCIÓNS

MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, concelleiro do grupo municipal do BNG manifesta que o seu grupo vai a votar a favor se ben na exposición de motivos do documento tería cousas que matizar sobre todo en atención ao triunfalismo que demostra.

ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE manifestase no mesmo senso que o concelleiro do BNG. Indica que deste problema se deron conta tarde. Habería moito que dicir respecto á exposición de motivos do documento posto que existe un



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

problema de base territorial e os problemas precisan dunha actuación pronto non se resolven por si mesmos. Todos os grupos temos moito que traballar neste tema e ver que sistema de protección do sector resulta o mais axeitado.

MANUEL FERREIRO MARZOA, concelleiro do grupo municipal do PP indica que independentemente de quen governe temos que remar todos na mesma dirección e ver cales son as mellores solucións. Neste momento entendemos que as mellores solucións son as expostas aquí.

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP

2 PSOE

1 BNG

Votos en contra:

0 PP

0 PSOE

0 BNG

Abstencións:

0 PP

0 PSOE

0 BNG

8.-INFORMES.

INFORMES DA ALCALDIA **PLENO ORDINARIO 12 DE NOVIEMBRE DE 2021**

1. Informe de datos Covid-19

O alcalde informa da situación covid a día de hoxe no Concello de Frades

2. Obras e investimentos adxudicados ou en proceso de licitación

O alcalde informa das obras que se están realizando ou que están en proceso de licitación.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- **Actuacións de correccións de impactos paisaxísticos (Feísmo)**
Renovación de acabados exteriores das fachadas do pavillón de Abellá e recuperación da fonte dos canedos (Mesos)
Orzamento total: 49.147,94€
Subvención da Xunta de Galicia: 34.222,35€
Adxudicado: Construcciones Lagares S.L
- **Adquisición dun Punto Limpo Movil Frades-Mesía**
Orzamento total: 69.127,30€
Camión + 2 portacontedores: 64.130€
Campaña de publicidade e outros: 4.997,30€
Subvención da Xunta de Galicia: 100% (69.127,30€)
Adxudicado: Veicar S.L
- **Sinalización de recursos turísticos do Concello de Frades**
Orzamento total: 30.000€
Subvención da Xunta de Galicia: 100% (30.000€)
Adxudicado: Girod Services
- **Ampliación do abastecemento de auga municipal aos lugares de A Pibideira e O Peñasco na parroquia de Abellá.**
Orzamento total: 68.311,45€
Subvención da Xunta de Galicia: 50.000€
Adxudicado: Espina e Delfín S.L
- **Pos Complementario 2021 da Deputación da Coruña**

Ancheamento do Camiño de Tañoi a Vilar de Frades e outros
OrzamentoTotal : 203.216,52€

3. Obras e investimentos rematados ou en execución.

- **Construcción do Centro Sociocomunitario de Ponte Carreira**
Orzamento total: 350.000€
Subvención da Xunta de Galicia: 200.000€
Adxudicado: JStop obras y servicios S.L



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- **Parque infantil cuberto de Abellá**

Orzamento total : 59.767,55€

Subvención da Xunta de Galicia: 40.000€

Adxudicado: Constucciones Cernadas S.L

- **Pos 2021 da Deputación da Coruña**

1. **Camiño da Ponte Carballa a Ac-524**

(Orzamento 35.634,556€, adxudicado a CanargaS.L)

2. **Accesos a Tarrío e outros**

(Orzamento: 61.080,29€, adxudicado a Consmalca S.L)

- **Ampliación e mellora dos vestuarios do campo de fútbol de Abellá**

Orzamento: 48.298,90€

Subvención da Xunta: 35.000€

Adxudicado: Construcciones Lagares S.L

4. Entrevista coa conselleira de infraestruturas e mobilidade da Xunta de Galicia

O Sr. Alcalde informa que se presentou un proxecto na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para ampliar e mellorar a estación potabilizadora de Ponte Carreira cun Orzamento de 202.642,68€, que a previsión é firmar un convenio a dúas bandas, 80% Xunta e 20% Concello, no primeiro semestre de 2022 unha vez Augas de Galicia revise o proxecto.

Tamén se abordaron outros temas como a mellora da estrada AC-524 , na que xa se invertiron preto de 180.000 na travesía de Abellá e que no orzamento do ano 2022 a Xunta ten prevista arranxar a totalidade da estrada ata a N-634(Lanza) cun orzamento próximo aos 2 millóns de euros e tamén a nova instalación de marquesiñas.

Por último tamén se tratou a posibilidade de ampliar a senda peonil ata o Peñasco, tema que a conselleira quedou de estudar e ver a posibilidade de facelo en dous tramos.

5. Obradoiro de emprego “ Brañas do Illó-Río Samo IV”

O Sr. alcalde informa da posta en marcha do novo obradoiro de emprego concedido aos concellos de Ordes, Frades e Mesía.

Neste momento os 20 alumnos/as e técnicos/as están realizando os cursos de riesgos laborais e de seguridade e saúde.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

6. Desbroce nas parroquias e brigada de incendios

O Sr. Alcalde informa do estado dos desbroces nas parroquias no concello:

En Todas as estradas asfaltadas estase a rematar a 2ª volta e e acabaremos o ano cunha 3ª volta a todas as estradas principais.

No que respecta as pistas de acceso as fincas e aos montes este mes rematarase de desbrozar as 12 parroquias.

A brigada de incendios (4 peóns e un capataz) contratada polo concello durante 3 meses con unha subvención da Xunta de 29.000€ limparon 10,5 hectareas de masas comúns e camiños e estiveron ademais a disposición do distrito forestal para os labores de extinción de incendios.

7. Subvencións asociacións

O Sr. Alcalde Informa que se concederon 39.000€ en subvencións as asociacións do Concello para realizar obras e para actividades culturais, deportivas e formativas.

Teñen de prazo ata o 31 de Marzo para xustificalas.

8. Actividades 25 N

O Sr. Alcalde informa das actividades que se van a desenvolver con motivo da celebración do 25 N, día internacional contra a violencia de xénero:

- Día 12, lectura do manifesto da Fegamp “ Campaña polo Bo Trato” no pleno
- Día 13, participación na actividade organizada polo GDR e pola Mancomunidade “ O rural contra a violencia de xénero” subvencionado por Agader.
- Día 18, no cpi de Ponte Carreira representación teatral pedagóxica “Golpes”
- Día 22, presentación da campaña “O meu xénero non define o que son” no Instituto da Eso de Ponte Carreira.
- Día 25, presentación do graffiti da campaña que se realizara no campo de fútbol da Chousa, reparto de material e minuto de silencio no concello as 12:00h

O Alcalde

Roberto Rey Martínez



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

8.-ROGOS E PREGUNTAS.

-MANUEL MIGUEZ VILLAVARDE, concelleiro do grupo municipal do BNG plantexa as seguintes preguntas:

1.- Sobre a necesidade de realizar unha campaña dende o concello respecto a aparición de vertidos ilegais de lixos en masas comúns e fincas privadas.

O alcalde contesta que foron detectados dous puntos de verquidos procedendo de inmediato a súa eliminación. Indica que o vehículo subvencionado co concello de Ordes vai a ser utilizado polos dous concellos para detectar este tipo de vertidos.

2.-Con respecto a pregunta que lle fixo o Sr. Alcalde no anterior pleno ordinario a cerca dunhas pegatinas coa bandeira do Bng que apareceron en varias sinais turísticas e de sinalización do Concello de Frades, despois de investigacións, comenta o Sr. Miguez que non teñen nada que ver co Bng de Frades, que forman parte dunha campaña dunha organización xuvenil que están a facer por varios concellos.

-ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE plantexa as seguintes preguntas:

1.-Sobre as deficiencias da Pista do Carballal ao Outeiro.

O alcalde contesta que haberá que seguir entubando a cuneta e meterase no próximo POS ou noutro plan de obras ou incluso con fondos propios.

2.-Na pista do Consello a Mesos hai 1 ou 2 tubos a modo de puente que están en mal estado.

O alcalde contesta que xa está valorada a actuación a través da súa licitación mediante contrato menor no próximo ano.

3.-Polo que respecta ao arreglo da Pista da Devesa, a pista que vai por enriba hacia a fonte de Riaño.

O alcalde contesta que se mirara por facer o pertinente bacheo agora que se van arranxar os accesos a Devesa.

4.-No cruce de Tarrío a auga da cuneta inunda a estrada principal.

O alcalde contesta que alí se acumulan restos de verquidos e terra das fincas e que se está continuamente desatascando a tajea cada vez que pasa esto.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14:53 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo. Ángela María Viqueira Allo.